


Práctica 1: eXeLearning

Traballando con eXeLearning.

1. Escolle un tema do teu interese sobre o que deberás crear un novo contido. Se necesitas información sobre o tema, podes recurrir á Wikipedia.
2. Inicia **eXeLearning** e crea a estrutura do teu tema no apartado “Resumo”. Unha posible estrutura podería ser a seguinte:



Para cambiar o nome das páxinas, fai **dobte clic** sobre elas ou pulsa sobre o menú superior “**Renomear**” para cambiar o nome da páxina que tes seleccionada.

3. Agora imos facer un **menú de navegación** entre as distintas páxinas, de maneira que se poida ir dunha páxina á outra con só facer un clic.
 1. Selecciona a páxina principal (Inicio)
 2. Nesta páxina insertarmos un **iDevice** chamado “**Texto libre**” que está dentro da categoría “**Información textual**”.
 3. Neste **iDevice**, inserta unha táboa que teña 1 fila e tantas columnas como “Temas” teña o teu contido. Dentro de cada celda da táboa escribe o nome de un dos “Temas” que creaches.

Tema 1	Tema 2	Tema 3
--------	--------	--------

4. Selecciona o nome do primeiro tema “Tema 1” e pulsa sobre o botón “**Insertar/editar hipervínculo**”
5. Pulsa sobre o desplegable “**Áncoras e nodos**” e selecciona “**Nodo: Tema 1**”
6. Finalmente pulsa o botón “**Insertar**”
7. Repite o mesmo procedemento co resto dos temas.

Como complemento:

O MESMO MENÚ DE NAVEGACIÓN EN TODAS AS PÁXINAS

Copia e pega este **menú de navegación** (táboa con enlaces) en todas as demáis páxinas, da seguinte maneira:

1. Pulsa o botón “HTML” na barra de botóns do editor para que se mostre o código deste **menú de navegación**.
2. Selecciona e copia todo este código.
3. Selecciona a seguinte páxina, inserta o mesmo iDevice “**Texto libre**”, pulsa o botón “HTML” da barra de botóns do editor e pega o código que copiaches antes.